

AVISO FITOSANITARIO *Gonipterus platensis* (Gurgullo do Eucalipto)

Gonipterus platensis é un coleóptero curculiónido defoliador de distintas especies de eucalipto, as máis afectadas son *E. globulus*, aínda que tamén afecta a *E. nitens*, *E. camaldulensis* e outras. Normalmente completa dúas xeracións ó ano.

Este gurgullo aliméntase das follas de eucalipto durante as distintas etapas do seu desenvolvemento. As larvas nas fases L1 e L2 aliméntanse da epiderme das follas, e nos estadios L3 e L4 como tamén na fase adulta aliméntanse de toda a folla. Os adultos consumen a folla polos bordes producindo o típico festoneado das follas, e as larvas realizan galerías dentro da folla.

Os danos prodúcense principalmente no terzo superior da árbore, e son máis habituais na primavera e en outono.

Actualmente o método de control máis eficaz contra esta praga baséase na loita biolóxica. Nos últimos anos realizouse a difusión controlada de *Anaphes nitens* Huber; que é o parasitoide específico dos ovos do gurgullo. As soltas realízanse nas épocas do ano de maior densidade de ootecas: primavera e en outono en menor número.




Este parasitoide actúa poñendo os seus ovos no interior das postas do gurgullo que se desenvolven a expensas dos ovos do defoliador, e da lugar á emerxencia dun novo individuo de *Anaphes nitens*.

Tras os primeiros inventarios de outono, realizados pola Rede de Avisos Fitosanitarios, nos que se persigue coñecer a evolución da distribución xeográfica, dinámicas das poboacións e variacións do ciclo biolóxico anual, ó longo do mes de outubro detectouse a presenza das primeiras postas.


A detección faise a través das postas frescas do defoliador, e neste momento é cando se poden empezar a colocar as bolsas do parasito controlador de *Gonipterus platensis*. Esta segunda colocación do ano dura aproximadamente ata o mes de novembro, e sempre que existan postas do gurgullo.

Nos últimos inventarios realizados pola Rede de Avisos Fitosanitarios, tamén se realizaron transectos para a detección da presenza de ootecas o que nos dará o momento de dar o aviso aos selvicultores do momento óptimo para realizar o tratamento




DEFOLIACIÓN: ZONAS ESTABLECIDAS PARA A MOSTRAXE DE GONIPETUS PLATENSIS







DEFOLIACIÓN: ZONAS ESTABLECIDAS PARA A MOSTRAXE DE GONIPETUS PLATENSIS



Lenda

-  Cuadrícula 16x16
-  Transectos de evaluación de eucaliptos
-  Puntos de evaluación

Zonificación

-  A
-  B
-  C
-  D

Zonificación: Partindo do grado de defoliación dos eucaliptos das parcelas da rede de muestreo, no ano 2017 estableceronse 4 zonas con un comportamento similar do ciclo biolóxico do *Gonipterus platensis*

TRANSECTO	ESPECIE	PROVINCIA	CONCELLO	PRESENZA OOTECAS
ZONA A	E. globulus	Lugo	Ribadeo e Barreiros	Media
ZONA D	E. globulus	Pontevedra	Pontevedra e Ponte Caldelas	Baixa



